

# XII- XORNADAS MARTÍN SARMIENTO

9 de marzo 2020

Día do Galego no Bierzo

**GONZÁLEZ-ALEGRE:  
NO CAMIÑO ENTRE DOUS RÍOS**

Vilafranca  
do Bierzo



Comisión  
Cultural  
Martín  
Sarmiento  
Vilafranca do Bierzo



XUNTA  
DE GALICIA



REAL ACADEMIA  
GALEGA



CONSEJO COMARCAL  
DE EL BIERZO



Ayuntamiento  
CACABELOS



Ayuntamiento de  
CORULLÓN



Junta de  
Castilla y León  
Consejería de Educación



Instituto  
de Estudios  
Bercianos  
(IEB)



EDICIONS  
**POSITIVAS**



Ayuntamiento de  
VILAFRANCA  
DEL BIERZO

## CELEBRAMOS

### O DÍA DO GALEGO NO BIERZO

Chegamos xa á doceava edición das Xornadas Martín Sarmiento en Vilafranca asentando, curso a curso, o **Día do Galego nos Centros Docentes do Bierzo** e sumando iniciativas e administracións locais implicadas. Este día, 9 de marzo, centos de alumnos/as vindos de distintos puntos da comarca presumen de cultura e identidade. Temos a certeza de que máis aló das aulas este sentimento estámoslo a contaxiar a outros sectores da sociedade berciana que perciben que vai sendo hora de arroupar o acordo de Promoción da Lingua Galega que leva 18 anos aplicándose e reclama un novo pulo.

### NO CENTENARIO DE RAMÓN GONZÁLEZ-ALEGRE

En 1920 nacía en Vilafranca do Bierzo Ramón González-Alegre. Destacado poeta, crítico literario e dramaturgo. Na súa obra en galego emerxe recorrente o seu Bierzo natal. O río Burbia e o Valcarce serán constante fonte de inspiración ao igual que os seus veciños, os galego-falantes da comarca aos que lles dedica o seu teatro en lingua galega.

A Comisión Cultural “Martín Sarmiento” de Vilafranca, os alumnos/as e docentes do Programa de Promoción do galego na comarca, coa participación da Real Academia Galega, as autoridades educativas autonómicas, alcaldes do Bierzo e o seu Consello Comarcal entre outros entes bercianos renderán homenaxe a súa figura nestas Xornadas, conscientes da necesidade de incorporar novas iniciativas, xunto ao importantísimo labor educativo, para fortalecer o uso da nosa fala onde habitualmente é utilizada, mellorar o actual Programa de Promoción nos centros escolares e seguir abrindo novos espazos para o galego no Bierzo..

## Luns 9 de marzo 2020, VILAFRANCA DO BIERZO

**1.ª SESIÓN: : TEATRO VILAFRANQUINO**  
“ENRIQUE GIL Y CARRASCO”

#### 9,30 APERTURA DO INTERCAMBIO DE SECUNDARIA:

**HOMENAXE A GONZÁLEZ-ALEGRE NO SEU CENTENARIO:** Intercambio Escolar dos IES do Bierzo que representarán unhas escenas teatrais e recitarán poemas do autor. Están presentes a totalidade dos alumnos/as do Programa de SECUNDARIA dos centros:

IES Padre Sarmiento (Vilafranca)  
IES Bergidum Flavium (Cacabelos)  
IES Europa (Ponferrada)  
IES Virgen de la Encina. (Ponferrada)  
Alumnos/a de Galego da EOI de Ponferrada.

**11,00 h.:** No monumento a González- Alegre **ofrenda floral e intervención das autoridades** presentes do Concello de Vilafranca, Consello Comarcal do Bierzo, Xunta de Galicia e da Junta Castilla y León, ante o alumnado de Primaria e Secundaria do Programa de Promoción do Galego no Bierzo. A continuación o alumnado de Secundaria, docentes e as autoridades realizan un pequeno itinerario ata a Casa Natal do autor homenaxeado.

**2.ª SESIÓN: Teatro de Vilafranquino.**

#### 11,30 APERTURA DA SESIÓN DE PRIMARIA:

- **ENREDANDO CON PAKOLAS**, actuación musical de **Paco Cerdeira** subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

Asisten alumnos/as dos centros de PRIMARIA de:  
CEIP San Lorenzo de Brindis de Vilafranca,  
CEIP da Quinta Angustia de Cacabelos,  
CEIP Valentín García Yebra de Ponferrada,  
CEIP Compostilla de Ponferrada,  
CEIP Jesús Maestro de Ponferrada,  
CEIP San Ildefonso de Camponaraia,  
CEIP Virgen del Carmen de Ponferrada,  
CEIP Toral de Merallo,  
CEIP M.L.Ucieda de Toral dos Vados,  
CRA Carucedo,  
CRA Cubillos do Sil,  
CRA Ximena Muñiz de Corullón,  
CRA Ponte de Domingo Flórez,  
Colexio Divina Pastora Vilafranca.

**13,00 h. CACABELOS**

**(Salón de actos do MARCA)**

CONVOCATORIA DA IIIª EDICIÓN DOS PREMIOS MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. Impulsados polo Grupo As Médulas para a lingua e cultura galegas no Bierzo coa colaboración das autoridades e entes que tamén contribúen á posta en marcha das presentes Xornadas

**SESIÓN DE TARDE 9 de marzo**  
**Teatro vilafranquino**  
**“Enrique Gil y Carrasco”**

**16:30 h. MESA DE DEBATE: As arelas de Sarmiento.**

Trátase dun encontro de docentes, autoridades educativas, Real Academia Galega, administracións e asociacións culturais bercianas para realizar un seguimento das actividades levadas a cabo e concretar novos compromisos coa lingua galega no Bierzo, entre outros a elaboración dun borrador de convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e o Consello Comarcal e outras entidades do Bierzo.

**18.00 h. CORULLÓN**

**(Local Social de Corullón)**

**PRESENTACIÓN DA PUBLICACIÓN:**

**“UNHA CALA NO BIERZO OCCIDENTAL (Corullón)”**  
**de Elixio Rivas Quintás (Edicións Positivas)**

Contaremos coa presenza do autor, da editorial e do Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, entidade que subvenciona a edición. Trátase da primeira publicación da Comisión Cultural Martín Sarmiento sobre aspectos culturais e lingüísticos localizados nestes casos en Corullón. Este acto servirá de Clausura das XII-Xornadas Martín Sarmiento no Día do Galego no Bierzo.

**Comisión Cultural Martín Sarmiento**

*Vilafranca do Bierzo*



PRESENTACIÓN DA PRIMEIRA EDICIÓN DE  
**MATERIAIS PARA O GALEGO NO BIERZO**  
DA COMISIÓN CULTURAL MARTÍN SARMIENTO

ELIXIO RIVAS QUINTAS

**UNHA CALA  
NO BIERZO OCCIDENTAL**  
(CORULLÓN)



Elixio Rivas Quintas, nado en Fondo de Vila (A Abeleda, Xunqueira de Ambía) o 31 de agosto de 1925, é un irmán paúl, profesor, lingüista e etnógrafo galego, salientando nos campos da lexicoloxía, a onomástica e a toponimia. Desde os anos da década de 1970, Rivas Quintas á par do seu traballo investigador no campo lingüístico do galego, realizou un infatigable labor en pro da restauración da ruta sur do camiño de Santiago e difundiu o coñecemento da terra ourensá da Limia. É membro da Comisión de Toponimia de Galicia do Consello da Cultura Galega desde 1978, e correspondente da Real Academia da Historia. Recibe varios recoñecementos polo seu labor como, entre outros moitos, o Premio Otero Pedrayo en 1980, a Medalla Castelao da Xunta de Galicia no ano 2000.



XUNTA DE GALICIA

POSITIVAS

“Quixemos editar este traballo realizado a finais dos 80 e comezos dos 90 do século pasado durante a estada do irmán paúl Elixio Rivas, que viviu unha tempada en Vilafranca do Bierzo no Convento que tiñan os Padres Paulinos na vila.

Esta circunstancia permitiulle visitar regularmente as parroquias obxecto do presente traballo, case todas no Concello de Corullón, polo que podemos dicir que este municipio é o centro de interese desta peculiar CALA NO BIERZO OCCIDENTAL.

A personalidade, o gusto pola lingua e o método empregado por Elixio Rivas coinciden ademais de cheo co espírito, a filosofía e o modus operandi do Padre Sarmiento, polo que cremos que non podemos escoller mellor á hora de capitanear esta colección que pretendemos abrir de materiais para o galego no Bierzo”.

(Prólogo, de Héctor Silveiro)

XUNTA DE GALICIA

galicia  
o seu mundo



Xacobeo 2021

POSITIVAS

Comisión Cultural Martín Sarmiento  
Cláusula de Clausura





### **Ramón González-Alegre (1920-1968)**

Naceu na mesma rúa e a uns poucos metros da casa natal do Padre Sarmiento en Vilafranca do Bierzo á que volverá ao longo da súa vida por tempadas e períodos vacacionais. En 1924 trasladouse á Coruña, cidade do seu pai, pero en 1926 a familia mudouse a Vilagarcía de Arousa, onde realizou o bacharelato. Fixo Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, e foi membro do SEU, primeiro como delegado provincial de bibliotecas e logo como xefe provincial de prensa e propaganda. Logo de pasar un tempo como profesor de Universidade en Madrid, e na Coruña, instalouse definitivamente en Vigo (1949).

Dirixiu a revista literaria *Alba*, clave no rexurdir da poesía galega despois da guerra civil. Da súa obra ensáística destacamos *Poesía galega contemporánea* (1954) O libro abrangue a poesía do segundo cuarto do século XX, desde 1925 ata a publicación do volume, unha visión xeral de aspectos da poesía galega que o autor considera destacados, seguido dunha análise de diferentes autores e autoras. Escribiu e publicou varios libros de poemas en castelán entre os que destacamos *Clamor de terra* (1950) e *El ágape de Dios* (1964) e en galego *Os namoros* (1961), ademais dun conxunto de pezas teatrais baixo o título *Teatro Galego* (1968).

A causa da súa morte prematura deixou unha parte importante de escritos sen publicar, sendo unha personalidade destacada para o mundo literario galego e berciano en pleno Franquismo dedicando aos galego-falantes do Bierzo ademais de moitos versos, aquela peza de teatro que titulou *Farsa dos veciños* que aínda segue pendente de ser levada a escena por vez primeira.

### **Adeus**

***Adeus tardiña nova en Vilafranca,  
porta da señaardá que tanto dóe  
nas cinzas da i-alma.***

***Xunto das herbas o fungar do vento  
bica as azas dos anxos invisibles,  
i-eu che digo adeus, campión amado,  
onde os fillos xogaron co teu nome.***

***Adeus, adeus, arbres do horto,  
os meus choplos amigos, carballeiras  
por onde os bicos cheiran a namoro.***

***Adeus tristura moza das campás  
que á tardiña levades os rumores.***

***En sospiros me vou. Adeus, meus prados,  
Que a tristura da noite vén calada.***

***Os Namoros (1961)***



